

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA O APOIO Á CELEBRACIÓN DE *TUREXPO GALICIA 2021*, X EDICIÓN DO SALÓN TURÍSTICO DE GALICIA

.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Semana Verde de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Semana Verde de Galicia para a organización e celebración da feira profesional *TUREXPO GALICIA 2021 X Salón Turístico de Galicia*, que terá lugar entre o 3 e o 5 de setembro do 2021, e que nesta edición se levará a cabo mediante dúas actuacións, que terán lugar de forma conxunta no mesmo momento do ano, e que permitirán unha maior promoción do sector turístico galego e unha optimización dos recursos económicos aplicados a este fin, e que son:

Primeira actuación: Área de negocio, cunha Bolsa de Contratación Turística, e exposición comercial de produtos e servizos da industria turística.

A Bolsa de Contratación Turística é un foro organizado para propiciar o intercambio de información e negocio sobre produtos e servizos turísticos entre profesionais do sector.

O seu principal obxectivo é o de poñer en contacto a oferta turística galega (maioristas de receptivo, axencias de viaxe, cadeas hoteleiras, institucións ou colectivos que oferten paquetes turísticos, servizos turísticos, OPC's,...) con turoperadores e maioristas de turismo emisor internacionais, de maneira que este programa sirva para promover Galicia como destino turístico recoñecido a escala internacional.





Tamén pretende atraer a turoperadores e maioristas de viaxes especializados para que teñan a oportunidade de coñecer de primeira man a extensa oferta turística de Galicia e realizar un primeiro contacto directo coas empresas do sector.

Está programada unha participación aproximada de 20 turoperadores estranxeiros e nacionais. As reunións de traballo levaríanse a cabo en horario de 09:30 h a 13:00 h e de 16:00 h a 19:00 h, con encontros axendados cada 20 minutos. A organización das axendas organizaríanse en función dos intereses de ambas partes con respecto o tipo de produto presentado. Os turoperadores indicarían na ficha previa de inscrición os produtos e servizos de interese. E a oferta participante tamén indicará na ficha previa de inscrición o seu perfil profesional, os seus mercados preferentes e a descrición dos produtos e servizos turísticos ofertados. Farase un cruce de datos que configurará as axendas definitivas que serán remitidas a todos os participantes.

Para esta edición contemplanse a posibilidade de celebrarse coincidindo coa Feira Internacional Semana Verde de Galicia, o que posibilitaría unha maior vinculación directa co entorno.

De forma complementaria a Bolsa de Contratación Turística, organizarase unha pequena área de exposición, centrada para esta edición en poder mostrar os participantes todos os recursos turísticos naturais, patrimoniais, culturais e gastronómicos que ofrece a Comunidade Galega.

A relevancia, prestixio e repercusión nacional e internacional que tradicionalmente acadan as accións da Fundación, os contratos e negocios económicos que pode derivarse da Bolsa de Contratación xunto coa capacidade para captar demanda turística de Galicia que presenta o devandito foro negocial, a organización en exclusiva do evento pola Fundación, por unha parte motivan a implicación da Axencia Turismo de Galicia na celebración da feira profesional Turexpo Galicia 2021 e por outra parte son causas que implican a imposibilidade de promover a concorrencia.

Segunda actuación: Feira das Festas de Interese Turístico Festur.

Posicionada como o maior certame multisectorial de mostras e ocio do noroeste peninsular, a Feira Internacional Semana Verde de Galicia deseña para a edición deste ano 2021 unha proposta que revalidará a súa condición de referente feiral. Así, incorporará novos contidos que reforzarán o seu atractivo para o público e o mesmo tempo permitirá a novos sectores, colectivos ou entidades





formar parte dun espazo no que a promoción está garantida tanto pola súa magnífica afluencia, máis de 100.000 persoas cada ano, como pola súa repercusión mediática.

Para esta edición, a Fundación ten programada a celebración da V Feira das Festas de Interese Turístico Festur, que constituirá un atractivo escaparate das celebracións galegas recoñecidas como de “Interese Turístico”.

Festur quere ser un espazo pensado para potenciar a difusión destas mostras culturais e gastronómicas a través do gozo do público asistente a Feira Internacional Semana Verde de Galicia.

Galicia destaca polo seu importante número de Festas de Interese Turístico, mais de cen, que nos posicionan como unha rexión con especial atractivo dende o punto de vista do turismo, tanto para visitantes doutras comunidades como para os propios galegos.

Esta potencialidade de Galicia unida o carácter comercial e lúdico da Feira Internacional Semana Verde de Galicia, converten a Feira das Festas de Galicia Festur nunha excelente oportunidade para que estas celebracións destacadas pola súa antigüidade, arraigo popular e orixinalidade, se dean a coñecer a sociedade galega e a demanda interna do turismo.

Trátase de crear, un ano máis, un espazo diferenciado dentro da XLIII Feira Internacional Semana Verde de Galicia que outorgue notoriedade a esta feira Festur e permita convertela nunha proposta con peso propio y contido específico dentro do certame. Proponse facilitar a cada Festa de Interese Turístico un espazo habilitado un stand individual, que lle permita á delegación participante mostrar todos os atractivos da súa Festa, e explicar os asistentes e visitantes as súas características e particularidades, servindo como plataforma de promoción directa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública





instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Fundación Semana Verde de Galicia é unha fundación do sector público de Galicia, nos termos previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público e autonómico de Galicia, constituída no ano 1991, quedando baixo Protectorado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Terceiro.- A Fundación ten entre os seus obxectivos a dinamización de sectores estratéxicos da economía galega no recinto Feira Internacional de Galicia, para o que dispón da probada solvencia técnica e profesional e económico-financeira así como das infraestruturas e instalacións precisas, con capacidade para a promoción nacional e internacional das actividades que no devandito recinto se desenvolvan.

En consonancia con estes obxectivos institucionais, dita Fundación é impulsora da organización e celebración da feira profesional relativa ao fomento do sector turístico galego denominada Turexpo Galicia. Esta feira ten por obxectivo poñer en contacto a oferta turística galega con maioristas nacionais e internacionais, ofrecendo un espazo no que se combinan de forma efectiva promoción, negocio e encontro sectorial.

Cuarto.- Esta X edición do Salón Turístico de Galicia, TUREXPO GALICIA 2021, logo da suspensión no ano 2020 debido as restricións importas pola pandemia da Covid 19, proxéctase seguindo a súa formulación inicial como unha ferramenta de promoción da industria turística da comunidade autónoma galega e como unha plataforma de comercialización internacional da súa oferta. Ademais nesta convocatoria búscase a súa potenciación como espazo de converxencia do sector.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as





Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

